



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

## DECRETO DE ALCALDÍA.-

<b>CONTRATO DE SUBMINISTRO</b>	<b>APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN</b>
	<b>“CAMIÓN RECOLECTOR PARA A RECOLLIDA E TRASLADO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS PARA O CONCELLO DE BOIMORTO” (CHASIS - CABINA + CAIXA RECOLECTORA) - 2024/C005/000002</b>
	<b>PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO</b>
	<b>TRAMITACIÓN ORDINARIA</b>

Visto o expediente para contratación indicado no que constan o seguintes antecedentes documentais:

- Memoria xustificativa da necesidade de contratación con proposta de PCAP e PPT
- Decreto de incoación do expediente de contratación.
- Autorizacións sectoriais preceptivas para a tramitación do expediente, no seu caso.
- Informe do departamento de Secretaria - Intervención.

En consecuencia e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei de contratos do sector público 9/2017 de 8 de novembro e en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía en materia de contratación pola DA 2ª da citada Lei, **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación referenciado e o gasto que ocasiona con cargo ao vixente orzamento municipal, co seguinte detalle:

<b>CONTRATO DE SUBMINISTRO</b>	<b>“CAMIÓN RECOLECTOR PARA A RECOLLIDA E TRASLADO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS PARA O CONCELLO DE BOIMORTO” (CHASIS - CABINA + CAIXA RECOLECTORA) - 2024/C005/000002</b>
	PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO
	TRAMITACIÓN ORDINARIA
<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA:</b>	162.63400
<b>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:</b>	- Prezo sen IVE (Valor estimado): 33.057,85 € - IVE do 21 %: 6.942,15 € - Prezo con IVE: 40.000,00 €

**SEGUNDO.-** Aprobar a proposta de PCAP e PPT que se achegan ao presente decreto.

**TERCEIRO.-** Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante: <https://contrataciondelestado.es>

**CUARTO.-** Aos efectos de dar cumprimento ao disposto na LCSP 9/2017 de 8 de novembro e dar tramite ao presente expediente, a composición da mesa de contratación será a publicada no perfil do contratante do Concello de Boimorto na plataforma de contratación do Estado.

**QUINTO.-** Dar conta do presente decreto a Secretaría - Intervención municipal e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Decretouno a Alcaldía en Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu, Sr. Secretario deste Concello, dou fe e traslado.**

## PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA)

<b>CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN</b>	<b>"CAMIÓN RECOLECTOR PARA A RECOLLIDA E TRASLADO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS PARA O CONCELLO DE BOIMORTO" (CHASIS - CABINA + CAIXA RECOLECTORA)</b>
	<b>PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN</b>

### CLÁUSULA 1. OBXECTO DO CONTRATO.

Subministración dun vehículo usado para a recollida e traslado dos residuos sólidos urbanos con caixa recolectora de polo menos 14m<sup>3</sup>, de conformidade coas características establecidas no prego de condicións técnicas.

O Concello de Boimorto leva a cabo a xestión directa da recollida e traslado de residuos de luns a venres, incluso fins de semana e festivos segundo haxa necesidades nas trece parroquias do concello. Actualmente un dos vehículos está inutilizado polo seu deterioro co paso do tempo e o seu uso continuo, polo que o concello ten unha importante carencia de medios para atender a dita recollida en tódolos núcleos de poboación do territorio.

Un dos principais problemas medioambientais que nos atopamos na actualidade é a enorme cantidade de produción de residuos que xera a sociedade, pois tratase dun proceso que ten como consecuencia unha liberación de gases que promoven o efecto invernadoiro e a polución da augas subterráneas e superficiais. Ter medios para a recollida e traslado de residuos é importante e necesario tendo en conta a enorme dispersión xeográfica que existe no ámbito rural, no cal nos atópamos con importantes distancias entre núcleos de poboación

Para isto, o Concello de Boimorto solicitou unha subvención para a adquisición dun vehículo para a recollida e traslado dos residuos sólidos urbanos, de conformidade coa Orde de 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D), a cal lle foi concedida.

O obxecto do contrato identifícase co seguinte código **CPV: Ver Cadro de características do contrato.**



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

## CLÁUSULA 2. CUALIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

O contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP)

A preparación, adxudicación, efectos e extinción do presente contrato administrativo rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 27.1 LCSP.

## CLÁUSULA 3. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación será o alcalde.

## CLÁUSULA 4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación de contrato será o procedemento aberto simplificado previsto no 159 da LCSP.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo de conformidade co que se establece na cláusula décima.

## CLÁUSULA 5. PERFIL DO CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual do Concello de Boimorto, o perfil do contratante do órgano de contratación atópase aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

## CLÁUSULA 6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO

<b>VALOR ESTIMADO</b>	Importe total (IVE excluído)	33.057,85 €
	Importe do IVE (21%)	6.942,15€
<b>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN</b>	Importe total (IVE incluído)	40.000,00 €

## CLÁUSULA 7. EXISTENCIA DE CRÉDITO

As obrigas económicas do contrato abonaranse con cargo á aplicación orzamentaria **162.63400**, na que existe crédito suficiente que se retén.

## CLÁUSULA 8. PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

- Os bens obxecto do presente contrato deberanse fornecer nas dependencias municipais en prazo máximo de 30 días naturais desde día seguinte a formalización do contrato e en todo caso antes da seguinte data: 28.10.2024.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Lugar: Casa do concello do Concello de Boimorto, A Coruña.

### CLÁUSULA 9. ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións de contratar reguladas no artigo 71LCSP.

Así mesmo, os contratistas deberán dispoñer da habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para levar a termo as prestacións que constitúen o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas unicamente poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade, que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Respecto á aptitude para contratar das empresas comunitarias e non comunitarias estarase ao disposto nos artigos 67 e 68 da LCSP, e ao regulado no artigo 69 do mesmo texto legal respecto ás unións de empresarios.

Todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

A presentación da oferta esixirá a declaración responsable do asinante respecto a ostentar a representación da sociedade que presenta a oferta; a contar coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente; a contar coas autorizacións necesarias para exercer a actividade; a non estar incurso en prohibición de contratar algunha; e pronunciarse sobre a existencia do compromiso a que se refire o artigo 75.2. A tales efectos, o modelo de oferta que figure como anexo ao prego recollerá esa declaración responsable.

#### **A solvencia do empresario:**

- A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:
  - a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
  - b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
  - c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do este volume de negocios.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Nos contratos de subministración, a **solvencia técnica** dos empresarios poder á acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:
  - a) Unha relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos na que se indique o seu importe, as datas e o destinatario público ou persoal destes. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un comprador persoal, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
  - b) Unha indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente dos encargados do control de calidade.
  - c) Unha descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
  - d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do estado en que o empresario está establecido, sempre que medie acordo do este organismo, cando os produtos que se van a fornecer sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación cos que conta, así como sobre as medidas empregadas.
  - e) Mostras, descricións e fotografías dos produtos que se van a fornecer, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.
  - f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

### CLÁUSULA 10. ANUNCIO DE LICITACIÓN. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

### PRESENTACIÓN, FORMA E

O anuncio de licitación publicarase no perfil do contratante do Concello aloxado na plataforma de contratación do Sector Público:  
<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/>

No perfil de contratante do órgano de contratación ofrecerase información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os pregos de cláusulas administrativas particulares e documentación complementaria.

Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible por medios electrónicos desde o día da publicación do anuncio no devandito perfil do contratante.

As proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente utilizando medios electrónicos, a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**O prazo para presentar as proposicións será de 15 días naturais (art. 159 LCSP), contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.**

As proposicións dos interesados débense axustar aos pregos e á documentación que rexe a licitación e a súa presentación supón a aceptación, condicións, sen ningunha excepción e reserva, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar, no seu caso, os datos que recollen o Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público ou as listas oficiais de operadores económicos dun estado membro da Unión Europea.

Cada licitador non pode presentar máis dunha proposición. Tampouco pode subscribir ningunha proposta en unión temporal con outras se o fixo individualmente nin figura en máis dunha unión temporal de empresas.

Na proposición hase de indicar como partida independente o importe do imposto sobre valor engadido.

### Contido das proposicións

### **ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA.**

### **ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

### **SOBRE ÚNICO.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CAPACIDADE**

#### **PERSOA XURÍDICA**

D<sup>o</sup>./D<sup>a</sup>.....con Documento Nacional de  
Identidade núm.....actuando en nome da  
empresa.....da que actúa en calidade de  
.....(administrador único, solidario ou mancomunado ou  
apoderado solidario ou mancomunado) segundo Escritura de  
constitución/poder/elevación a público de acordos sociais, Núm. de protocolo .....  
.....outorgado por ....., con data.....na  
cidade de.....

#### **Declara baixo a súa persoal responsabilidade e ante o órgano de contratación:**

- 1) Que a empresa licitadora cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.
- 2) Que a empresa licitadora cumpre cos requisitos de solvencia económica e financeira e técnica esixidos nestes PCAP.
- 3) Que a empresa licitadora ten plena capacidade de obrar.
- 4) Que a empresa licitadora non se atopa incurso nas prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da Lei de Contratos do Sector Público.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

5) Que a empresa que represento: (*indicar a ou b*)

a) Non pertence a ningún grupo de empresas.

b) Pertence ao grupo de empresas denominado:

.....

Neste último caso deberá indicar:

- Non concorren á licitación outras empresas do Grupo que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio.
- Concorren á licitación outras empresas do Grupo que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. (*indicar nome das outras empresas*)

1. ....
2. ....
3. ....

6) Que, no suposto de sinalarse no anexo I o organismo ou organismos dos que as persoas licitadoras poden obter a información pertinente sobre as obrigas previstas no artigo 129.1 da LCSP, tivo en conta na elaboración da súa oferta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de fiscalidade, protección do medio ambiente, protección de emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo, prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral das persoas con discapacidade, e á obrigación de contratar a un número ou porcentaxe específico de persoas con discapacidade.

7) Que, en caso de persoas licitadoras estranxeiras, se somete á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, en todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

8) No suposto de esixirse, comprométese a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios suficientes.

9) Autorizo para que as comunicacións relacionadas con esta licitación se efectúen vía correo electrónico. En consecuencia, COMUNÍCASE que os avisos da posta á disposición das notificacións enviaranse ao correo electrónico seguinte: \_\_\_\_\_

As notificacións enviaranse á seguinte persoa (indicar só unha):

- persoa física (representante): \_\_\_\_\_, co DNI: \_\_\_\_\_.
- persoa xurídica (empresa): \_\_\_\_\_, co NIF/ CIF: \_\_\_\_\_.

Ao mesmo tempo, COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico anteriormente indicado.

(Lugar, data e firma)

## ANEXO I - bis

### SOBRE ÚNICO.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CAPACIDADE

#### PERSONA FÍSICA

D<sup>o</sup>./D<sup>a</sup>.....con Documento Nacional de Identidade núm.....actuando en nome propio





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### **Declara baixo a súa persoal responsabilidade e ante o órgano de contratación:**

- 1) Que ten plena capacidade de obrar e conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.
- 2) Que cumpre cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica esixidos nestes PCAP.
- 3) Non atoparse incurso nas prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da Lei de Contratos do Sector Público
- 4) Que, no suposto de sinalarse no anexo I o organismo ou organismos dos que as persoas licitadoras poden obter a información pertinente sobre as obrigas previstas no artigo 129.1 da LCSP, tivo en conta na elaboración da súa oferta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de fiscalidade, protección do medio ambiente, protección de emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo, prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral das persoas con discapacidade, e á obrigación de contratar a un número ou porcentaxe específico de persoas con discapacidade.
- 5) Que, en caso de persoas licitadoras estranxeiras, se somete á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, en todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.
- 6) No suposto de esixirse, comprométese de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios suficientes.
- 7) Autorizo para que as comunicacións relacionadas con esta licitación se efectúen vía correo electrónico. En consecuencia, COMUNÍCASE que os avisos da posta á disposición das notificacións enviaranse ao correo electrónico seguinte: \_\_\_\_\_

As notificacións enviaranse á seguinte persoa (indicar só unha):

- persoa física (representante): \_\_\_\_\_, co DNI: \_\_\_\_\_.
- persoa xurídica (empresa): \_\_\_\_\_, co NIF/ CIF: \_\_\_\_\_.

Ao mesmo tempo, COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico anteriormente indicado.

(Lugar, data e firma)

### **ANEXO II**

#### **SOBRE ÚNICO.- DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL**

D<sup>a</sup>./D. \_\_\_\_\_, maior de idade e con NIF núm. \_\_\_\_\_, en nome propio ou en representación da empresa....., con domicilio social





# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

en..... e NIF nº....., en calidade de (1), baixo a súa persoal responsabilidade.

Dª./D. \_\_\_\_\_, maior de idade e con NIF núm. \_\_\_\_\_, en nome propio ou en representación da empresa....., con domicilio social en....., e NIF nº..... en calidade de (1), baixo a súa persoal responsabilidade.

Comprométense a constituír unha unión temporal de empresas, de conformidade co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, a efectos de participar na licitación para a contratación do expediente (indicar expediente).

No caso de resultar adxudicatarias comprométense a formalizar en escritura pública a citada unión. A participación na unión temporal de cada membro é a que segue:

\_\_\_\_\_ XX%.  
\_\_\_\_\_ XX%.

Como persoa representante da citada unión noméase a \_\_\_\_\_ (2)

(Lugar, data, firma).  
(FIRMA DE CADA MEMBRO DA UTE).

1. Apoderado/a, administrador/a único/a, administrador/a solidario/a, administrador/a mancomunado/a, etc.
2. Indicar cargo e empresa.

## ANEXO III

### SOBRE ÚNICO.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Dª./D.....  
con residencia en.....  
provincia de.....  
Rúa..... nº.....  
segundo Documento Nacional de Identidade  
n.º.....  
decatado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de subministración denominada:

Expediente:.....  
Título:.....

Comprométese, en nome..... (1) a executar o contrato, con estrita suxeición aos requisitos esixidos, de acordo coas condicións ofertadas:

○ **PREZO:**

Importe sen IVE	
Importe do IVE	



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

<b>Importe total</b>	
----------------------	--

○ **OUTROS CRITERIOS.**

Ampliación do prazo de garantía (ANOS)	
Redución de prazo de entrega (DIAS)	
MELLORA: Servizo de asistencia/mantenemento técnico do vehículo.(ANOS)	

○ **Detalles do vehículo a subministrar**

- Marca, modelo e versión do vehículo e equipo recolector ofertado:  
.....
- Data ..... primeira ..... matriculación:  
.....
- Km ..... actuais ..... do ..... vehículo:  
.....
- Nº de horas totais do equipo recolector:  
.....

Data e firma.

## CLÁUSULA 11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A valoración das ofertas realizarase sobre un total de 100 puntos, para a mellor oferta económica serán 20 puntos aos que se sumará unha serie de criterios de cuantificación automática, con 80 puntos como máximo, que se distribuirán da seguinte forma:

- 1. PREZO:** Asignación de puntos polo prezo máis baixo. Puntuación máxima: **25 puntos.**

A valoración do presente criterio realizarase segundo programa de valoración da Deputación provincial da Coruña, ligazón:

<https://sede.dacoruna.gal/subtel/valoracion/formula>

A fórmula de valoración que rexe o citado programa foi elaborada pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxo desagregación, explicación e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo V do presente prego.

- 2. OUTROS CRITERIOS.** Deberanse acreditar mediante certificación do cumprimento por parte do ofertante.

— **Ampliación do prazo de garantía..**

*Puntos= Sumarase 2 punto por cada ano máis de garantía mínima (2 anos) establecida neste prego, referente ás especificacións de serie do vehículo, ata un máximo de 30 **puntos**. Máximo de ampliación de garantía 15 anos.*



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### — **Redución de prazo de entrega.**

*Puntuación máxima neste criterio de 15 **puntos**. Para estes efectos o prazo exprésase en días e tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.*

Cada día de redución do prazo de entrega estipulado no prego de prescricións técnicas (30 días) supón 1 punto . Ata un máximo de redución de 15 días e os citados 15 puntos.

### — **MELLORA: Servizo de asistencia/mantemento técnico do vehículo.**

*Puntos: concederase máximo **30 puntos** por este criterio. Obterase por parte do licitador 3 puntos por cada ano de servizo de asistencia técnica, así progresivamente ata alcanzar a puntuación máxima indicada.*

*Indicar, por tanto, que en coherencia coa puntuación máxima outorgada ao criterio valorarase máximo 10 anos deste tipo de servizo.*

*Concretar que este servizo obxecto de mellora incluírá todo tipo de reparacións, recambios, revisións e calquera actuación tendente ou vinculada ao mantemento técnico do vehículo durante todo o período ofertado.*

### **CRITERIO DE DESEMPATE:**

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu cadro de persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empatasen canto á proposición máis vantaxosa das que empatasen canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

### **CLÁUSULA 12. MESA DE CONTRATACIÓN**

A Mesa de Contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa.

A Mesa de Contratación, de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma.

### CLÁUSULA 13. APERTURA DE PROPOSICIÓNS

Tras a apertura do sobre ou arquivo electrónico e na mesma sesión a mesa procederá a:

- 1.º Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.
- 2.º Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.
- 3.º Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.
- 4.º Requirer á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente os medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2; e todo iso no prazo de sete días hábiles a contar desde o envío da comunicación.

A estes efectos, presentarase polo licitador que tivese formulado a mellor oferta:

- Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario e a representación (copia notarial do poder de representación, bastantado rexistrado no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente; fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade).
- Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da LCSP.
- Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Acreditación de estar dado de alta no IAE no epígrafe correspondente.
- A garantía definitiva.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Con todo, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión. No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa por darse os supostos previstos no artigo 149, a mesa, realizadas as actuacións recollidas nos puntos 1.º e 2.º anteriores, seguirá o procedemento previsto no citado artigo, aínda que o prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os cinco días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Presentada a garantía definitiva e, nos casos en que resulte preceptiva, previa fiscalización do compromiso do gasto pola Intervención nos termos previstos na Lei



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

47/2003, do 26 de novembro, Xeneral Orzamentaria, nun prazo non superior a cinco días procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, á súa formalización.

No caso de que no prazo outorgado para o efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.

No caso de que o empresario teña que presentar calquera outra documentación que non estea inscrita no Rexistro de Licitadores, a mesma terase que achegar no prazo de sete días hábiles establecido para presentar a garantía definitiva.

### CLÁUSULA 14. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 LCSP. A adxudicación utilizando unha pluralidade de criterios farase en base á mellor relación calidade-prezo.

A adxudicación acordarase en resolución motivada no prazo máximo de dous meses, a contar desde a apertura das proposicións, cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios. Estes prazos ampliaranse en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que refírese o apartado 4 do artigo 149 LCSP para as ofertas anormalmente baixas.

A adxudicación notificarase aos licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

A notificación realizarase por medios electrónicos de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da LCSP.

O órgano de contratación poderá declarar deserta a licitación, no seu caso, a proposta da mesa de contratación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 LCSP, relativo ás prohibicións de contratar.

### CLÁUSULA 15. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixíraselle o importe do 3 por cento do orzamento basee de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

### CLÁUSULA 16. ENTREGA E RECEPCIÓN

O contratista está obrigado a entregar o ben obxecto de subministración no tempo e lugar fixados na cláusula 8, e de conformidade coas prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

Os gastos de entrega e transporte ao lugar convido serán de conta do contratista.

O adxudicatario non ten dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados no ben antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora na súa recepción.

O acto formal de recepción do ben realizarase no termo de 5 días hábiles a contar desde a data de entrega, unha vez comprobado polos servizos municipais que o ben fornecido atópase en bo estado e que se corresponde coa oferta presentada.

Se o ben non se atopa en estado de ser recibido, farase constar na acta de recepción e daranse as instrucións necesarias ao contratista para que repare os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co que se pactou .

A administración é responsable de custodiar o ben durante o tempo que transcorra entre o libramento e o acto formal de recepción.

Unha vez recibido o ben, de conformidade pola Administración, esta é responsable da súa xestión, uso e caducidade, sen prexuízo da responsabilidade do subministrador polos vicios ou defectos ocultos do ben.

### CLÁUSULA 17. PAGO DO PREZO

O adxudicatario ten dereito ao abono do prezo da subministración efectivamente librada e formalmente recibido pola Administración.

O pago realizarase nunha soa vez polo valor do prezo de adxudicación sempre que a Empresa Adxudicataria presentase a factura e o subministración obxecto do contrato sexa de conformidade respecto á Dirección da Subministración.

O Contratista adxudicatario expedirá unha factura a cargo do Concello destinatario das operacións de que se trate.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da Disposición Adicional Trixésimo segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como na normativa sobre facturación electrónica. Ver datos e códigos do cadro de características do presente prego.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### CLÁUSULA 18. PRAZO DE GARANTÍA

Establécese un prazo de garantía mínimo de 2 anos desde a data de recepción formal por parte do Concello.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos no ben obxecto de subministración, a Administración ten dereito a reclamar ao contratista que repoña o que sexa adecuado ou que o repare. Durante este prazo de garantía, o contratista ten dereito a coñecer e ser informado sobre a aplicación do ben fornecido.

Se durante o prazo de garantía o órgano de contratación considera que o ben fornecido non é apto para a finalidade pretendida, como consecuencia dos vicios ou defectos observados naqueles imputables ao contratista, e se presume que coa reposición ou reparación do ben non será suficiente para conseguir a devandita finalidade, pode rexeitarse o ben antes de que expire o termo en cuestión e deixalo de cargo do contratista, de maneira que quede exento da obrigaçión de pago ou teña dereito, se fose o caso, a recuperar o prezo satisfeito.

Finalizado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase ningunha reparación ou denuncia á que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón do ben fornecido.

### CLÁUSULA 19. INCUMPRIMENTOS E PENALIDADES

No suposto de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato poderanse impoñer penalidades por importe do 10% do prezo do contrato.

Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo de contrato, IVE excluído.

Cada vez que as penalidades por demora cheguen a un múltiplo do 5% do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación está facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

No suposto de incumprimento ou demora na execución en que non estea prevista unha penalidade ou que, aínda que estivese prevista, non cubra os danos causados á Administración, esta ha de esixir ao contratista a indemnización por danos e prexuízos.

As penalidades hanse de impoñer por acordo do órgano de contratación, e serán inmediatamente executivas.

### CLÁUSULA 20. RISCO E VENTURA

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, conforme ao disposto no artigo 197 LCSP.

### CLÁUSULA 21. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Os contratos administrativos unicamente se poden modificar por razóns de interese público nos casos e na forma prevista nos artigos 203 a 207 LCSP e conforme o procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

Neste prego non se contemplan modificacións.

### **CLÁUSULA 22. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

O contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución, acordada de conformidade cos artigos 209 a 213.

O contrato enténdese cumprido polo contratista cando este realizase, conforme os termos do contrato e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación. A súa constatación levará a termo mediante o acto de recepción formal regulado na cláusula 16.

As causas de resolución atópanse reguladas nos artigos 211 e 306 LCSP e aplicaranse e producirán os efectos establecidos nos artigos 212, 213 e 307 LCSP.

### **CLÁUSULA 23. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.**

Non se prevé a cesión do contrato nin a súa subcontratación.

### **CLÁUSULA 24. CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO, QUE TERÁN QUE ESTAR VINCULADAS O OBXECTO DO MESMO. (art. 202 LCSP).**

Será condición especial de execución do contrato, de carácter medio ambiental a seguinte e atribúeselle o carácter de obrigação contractual esencial para os efectos sinalados na letra f) do artigo 211 da LCSP:

O adjudicatario deberá retirar, se os houberse, os residuos xerados pola subministración, para depositalos nos contedores correspondentes ou, no seu caso, no punto limpo ou outro sistema de xestión de residuos autorizado. Deberá acreditar estas actuacións presentando copia do correspondente certificado de tratamento ou entrega do residuo a un xestor autorizado.

### **CLÁUSULA 25. RESPONSABLE DO CONTRATO.**

De conformidade co art. 62 da LCSP, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan.

### **CLÁUSULA 26.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO ADXUDICATARIO**

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e do subministro realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Ademais son obrigacións específicas do contratista as seguintes: Será de conta do adxudicatario:

- O desprazamento do vehículo obxecto do contrato ata as instalacións municipais
- A matriculación do vehículo así como cantos gastos orixine.
- Certificado de montaxe do carrocerero, certificado de fabricación e documentación do chasis cumprimentada coas medidas do equipo.
- Deberá entregarse a ficha técnica do vehículo
- Deberá achegarse a documentación correspondente ao funcionamento, mantemento e conservación do vehículo e os seus accesorios, en castelán, incluíndo manuais, follas de check-list de tarefas de mantemento.
- Á entrega do vehículo, o adxudicatario comprométese a formar pola súa conta ao persoal asignado ao servizo e mantemento, nas instalacións municipais, cos medios necesarios para a correcta aprendizaxe do funcionamento, reparación e mantemento do vehículo. Todos os gastos ocasionados con motivo desta formación correrán a cargo do adxudicatario.
- O licitador debe designar unha persoa responsable do subministrador que faga de interlocutor coa administración. Presentarase toda a documentación técnica que inclúa o vehículo e os accesorios solicitados, incluíndo detalle de altura, lonxitude e anchura máxima con e sen retrovisor, tendo en conta os accesorios solicitados, guindastre e caixa. Sen cumprirse estes requisitos non se poderá realizar a recepción da subministración.

### CLÁUSULA 27.- CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN LABORAL, SOCIAL E AMBIENTAL

O contratista, en particular, obrígase a:

1) contratar o persoal necesario para a realización do subministro. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, por canto este terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario e quedará o adxudicatario obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e social e das demais que sexan aplicables e que se poidan promulgar durante a prestación do servizo obxecto deste contrato;

2) substitución do persoal por vacacións ou permisos, representación sindical ou baixa farase de forma inmediata e será por conta do adxudicatario de tal maneira que a prestación da subministración non sufra ningunha diminución ou prexuízo. En todo caso, o aumento do cadro de persoal ou da xornada laboral do persoal adscrito inicialmente á subministración, salvo que se trate de substituír persoal por licenzas, vacacións, representación sindical, permisos ou baixas mentres duren estas, require que se proceda á súa motivación, así como autorización expresa do Concello;

3) en ningún caso establecerase relación algunha entre o persoal contratado polo contratista e o Concello, nin asumirá este último obriga algunha de incorporación ao cadro de persoal ou indemnización ao termo do presente contrato. Se en virtude de sentenza xudicial ou laudo, convenio colectivo ou calquera normativa na materia se obrigase ao Concello a asumir calquera deber respecto ao persoal, o contratista indemnizará ao Concello na contía equivalente ao custo de indemnizacións por despedimento, costas xudiciais, salarios, cotizacións sociais e retencións ou pago de impostos non satisfeitos, así como calquera outro custo derivado do mesmo imputado ao Concello.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

4) designar un representante, será localizable por teléfono móvil en todo momento, que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello e velará pola correcta execución das prestacións obxecto deste contrato e porque os traballadores destinados á súa execución non realicen outras tarefas diferentes que as contratadas. Este representante velará expresamente que os traballadores non acaten ordes directas de ningún traballador ou representante municipal, salvo casos excepcionais debidamente motivados.

5) xestión do persoal, que salvando os mínimos esixidos polos pregos que rexen a contratación, é de exclusiva responsabilidade do contratista, polo que a presentación da oferta para concorrer a esta licitación implica que este levará a cabo unha política de persoal responsable e dilixente, e por tanto calquera folga ou conflito colectiva do persoal ao seu cargo así como no seu caso das subcontratas, con independencia dos motivos que a provocaran, non poderá supoñer un prexuízo

6) en calquera momento da execución do contrato e a pedimento do Concello, o adxudicatario deberá demostrar acharse ao corrente no abono de nóminas aos seus traballadores, mediante a achega de copias das nóminas de todos os empregados da empresa que participen na prestación do servizo, así como os documentos que xustifiquen o pago da Seguridade Social dos devanditos traballadores e certificados de estar ao corrente do pago á Seguridade Social;

### ANEXO IV/IV

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO	
<b>1. CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN:</b>	"CAMIÓN RECOLECTOR PARA A RECOLLIDA E TRASLADO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS PARA O CONCELLO DE BOIMORTO" (CHASIS - CABINA + CAIXA RECOLECTORA)
<b>2. CODIFICACIÓN - Vocab. común de contratos (CPV):</b>	34144511-3 - Vehículos de recogida de basuras 34144512-0 - Vehículos compactadores de basuras
<b>3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN</b>	- Base imponible: 33.057,85 €. - Importe IVE: 6.942,15 € - Total: 40.000,00 € (*IVE INCLUÍDO)
<b>4. VALOR ESTIMADO</b>	- Base imponible: 33.057,85 € - 20% (*modificacións previstas en PCAP): ----- - Total VALOR ESTIMADO: 33.057,85 €
<b>4.BIS. REGULACION HARMONIZADA</b>	contrato non suxeito a regulación harmonizada
<b>5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	162.63400
<b>6. PRAZO DE ENTREGA</b>	30 días naturais e en todo caso antes da seguinte data: 28.10.2024. REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: PROCEDE
<b>7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA</b>	NON SE ESIXE
<b>8. DIVISIÓN EN LOTES:</b>	NON
<b>9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS</b>	Con carácter exclusivo e excluínte: Plataforma de contratación do sector público----- <a href="https://contrataciondelestado.es">https://contrataciondelestado.es</a>
<b>10. PRAZO PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN</b>	Tramitación ordinaria: 15 días naturais
<b>11. DEUC</b>	NON SE ESIXE
<b>12. PORCENTAXE DE SUBCONTRATACION</b>	NON SE ESIXE
<b>13. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN.</b>	ESIXESE - Cláusula 26 do presente *PCAP.
<b>14. PERFIL DE CONTRATANTE.</b>	Perfil do contratante Concello de Boimorto - Plataforma de contratación do Estado --- <a href="https://contrataciondelestado.es">https://contrataciondelestado.es</a>
<b>15. GARANTÍA DEFINITIVA</b>	5% do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

<b>16. TAXAS DO CONTRATO</b>	NON SE ESIXE
<b>17. REVISIÓN DE PREZOS</b>	NON PROCEDE
<b>18. CONTROL DE CALIDADE</b>	-----
<b>19. OUTROS DATOS:</b>	TELÉFONO: 981516020 CORREO ELECTRÓNICO: <a href="mailto:secretaria@boimorto.es">secretaria@boimorto.es</a> CARTEL : Anexo I PPT.
<b>20. DATOS DÁ FACTURA</b>	20.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO -ENTE LOCAL: *CONCELLO DE BOIMORTO NIF: P1501000B CÓDIGO: L01150102 20.2. ÓRGANO DECISORIO/XESTOR - ALCALDÍA - CÓDIGO: LA0004449 20.3. IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE: SECRETARIA INTERVENCIÓN - CÓDIGO: LA0004450 20.4. IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA: SECRETARIA INTERVENCIÓN - CÓDIGO: LA0004450 20.5. CÓDIGO DE EXPEDIENTE: 2021/C005/000001

## ANEXO V



Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela<sup>1</sup>

### FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

#### 1. Notacións

- $P$  : prezo de licitación,
- $P_0$  : prezo de licitación,
- $n$  : número de ofertas,
- $O_1, O_2, \dots, O_n$  : valor das  $n$  ofertas,
- $R_1, R_2, \dots, R_n$  : redución de prazos das  $n$  empresas (en días naturais),
- $O_m$  : media das ofertas presentadas ( $O_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n O_i$ ),

#### 1 Investigadores

**Juan M. Víaño Rei** – Catedrático de Matemática Aplicada - USC

**José R. Fernández García** – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- $R_{max}, R_{min}$  : media das reducións de prazos presentadas ( $R_{max} = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n R_i$ ),
- $R_{max}, R_{min}$  : redución de prazos máxima e mínima,
- $H_1, H_2, \dots, H_n$  : baixas absolutas ( $H_j = P - O_j, j=1, \dots, n$ ),
- $H_{max}, H_{min}$  : baixa porcentual media ( $H_{max} = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n H_i = P - O_{min}$ ),
- $b_1, b_2, \dots, b_n$  : baixas porcentuais con respecto a ( $b_i = \frac{H_i}{P} \cdot 100, i=1, \dots, n$ ),
- $b_{max}, b_{min}$  : baixas porcentuais máxima e mínima,
- $b_{max}, b_{min}$  : baixa porcentual media ( $b_{max} = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n b_i = \frac{H_{max}}{P} \cdot 100$ ),
- $V_{max}$  : máxima valoración posible,
- $W_{max}$  : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- $V_{R_{max}}$  : máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentados,
- $V_i$  : valoración económica da oferta  $i$ -ésima entre  $V_{min}$  e  $W_{max}, i=1, \dots, n$ ,
- $V_{R_i}$  : valoración da redución de prazos  $i$ -ésima entre  $V_{min}$  e  $V_{R_{max}}, i=1, \dots, n$ .

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, por tanto, non admisibles), suponse que as baixas  $b_i$  son iguais ou maiores ca cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, por tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos  $R_i$  son iguais ou maiores ca cero e menores ca o prazo de execución  $P_{max}$ .

## 2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

### 2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

- Se  $b_{max} < 15$  entón  $W_{max} = 0,7 V_{max} \frac{b_{max}}{15}$ .
- Se  $15 \leq b_{max} < 25$  entón  $W_{max} = 0,7 V_{max} + 0,3 V_{max} \frac{b_{max} - 15}{10}$ .
- Se  $b_{max} \geq 25$  entón  $W_{max} = V_{max}$ .

### 2.2. Valoración económica entre $V_{min}$ e $W_{max}$

A puntuación  $V_i$  da oferta  $i$ -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos da forma seguinte (ver as figuras 1 a 3):



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Si  $\delta_{max} \leq 10^{-3}$  entón  $V_i = 0$ .
- Si  $10^{-3} \leq \delta_{max} < 15$  entón  $V_i = 0,7V_{max} \frac{\delta_i}{15}$ .
- Si  $15 \leq \delta_{max} < 25$  entón  $V_i = 0,7V_{max} \frac{\delta_i}{15}$ .
- Si  $\delta_i \leq 15$  entón  $V_i = 0,7V_{max} \frac{\delta_i}{15}$ .
- Si  $\delta_i > 15$  entón  $V_i = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{\delta_i - 15}{10}$ .
- Si  $\delta_{max} \geq 25$  entón  $V_i = 0,7V_{max} \frac{\delta_i}{15}$ .
- Si  $\delta_i > 15$  entón  $V_i = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{\delta_i - 15}{\delta_{max} - 15}$ .

Nótese que a puntuación máxima  $V_{max}$  só se alcanza se a baixa máxima ( $\delta_{max}$ ) e igual ou superior o 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

*Nota.-* No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense  $b_1 = b_2 = \dots = b_n = b_{max} = 0$  polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero).

Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ( $V_i = 0$ ). Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propomos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que  $\delta_{max} \leq 10^{-3}$ .



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es




Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se  $b_{max} < 15$ .




Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se  $15 < b_{max} < 25$ .





# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es




Figura 3: Representación gráfica de as puntuacións se  $b_{max} \geq 25$ .



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN	“CAMIÓN RECOLECTOR PARA A RECOLLIDA E TRASLADO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS PARA O CONCELLO DE BOIMORTO” (CHASIS - CABINA + CAIXA RECOLECTORA)
	PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO
	PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

#### **CLÁUSULA 1.- Obxecto do presente prego.**

O presente prego ten por obxecto definir as prescricións técnicas que rexerán a licitación para a contratación da subministración consistente nun vehículo usado para a recollida e traslado dos residuos sólidos urbanos con caixa recolectora de polo menos 14m<sup>3</sup> con destino ao Concello de Boimorto en virtude da subvención correspondente ao Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024.

As características técnicas que debe reunir o vehículo obxecto desta contratación son as que se indican a continuación.

#### **CLÁUSULA 2.- División en lotes.**

1. De acordo co establecido no art. 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao ser o obxecto do contrato en licitación a subministración dun único ben, un vehículo tipo camión recolector (chasis - Cabina + Caixa Recolectora) equipado especialmente para a finalidade que se persegue e que a todos os efectos funcionará como unha unidade de servizo, a natureza da subministración no permite a súa realización independente mediante a súa división en lotes.
2. O camión recolector é por tanto un único lote definido así:
  - Lote único: Un vehículo usado tipo camión recolector de residuos sólidos urbanos cunha caixa de polo menos 14 m<sup>3</sup>.
3. Os licitadores deberán ofertar por este único lote.
4. As condicións establecidas no presente prego enténdese que son características mínimas e que ademais del prezo de custo do obxecto do contrato, tanto a



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

matriculación, impostos, e taxas de calquera tipo, así coma os servizos de xestión, están incluídos nos prezos de licitación.

### **CLÁUSULA 3.- As condicións técnicas mínimas que debe cumprir o vehículo ofertado serán as seguintes:**

O vehículo para subministrar (Chasis-Cabina + Caixa Recolectora) poderá ser USADO.

As características técnicas reflectidas no presente prego, considéranse como mínimas, podendo as empresas licitadoras ofertar vehículos con características superiores.

No caso de ofertarse vehículos con características técnicas inferiores considerarase que non son vehículos idóneos para garantir as condicións do servizo previsto e, como tal, rexeitaranse as ofertas.

Será conforme ás prescricións técnicas da Norma Europea Harmonizada por EN1501-1 e EN1501-5: vehículos para a recollida de residuos e os seus dispositivos de elevación asociados. Así mesmo, cumprirá as directivas 2006/42/CE de seguridade de máquinas, e 2000/14/CE de emisións sonoras de máquinas utilizadas ao aire libre.

En xeral, a empresa adxudicataria fornecerá ao concello de Boimorto un vehículo tipo camión recolector-compactador de carga traseira para ser destinado a recollida de residuos sólidos urbanos, a nome do concello de Boimorto, con imposto de matriculación pagado, legalización I.T.V. e cantos requisitos legais sexan esixibles para a libre circulación por estrada. O camión ofertado, así como elementos detallados, disporán de CERTIFICADO DE CONFORMIDADE -CE.

Así mesmo, por parte dos servizos técnicos do concello de Boimorto, ou outro persoal técnico que este designe, poderase solicitar información e realizar as comprobacións e probas que sexan necesarias dos vehículos que se oferten, podendo considerar vehículos non idóneos todos aqueles que fisicamente presenten anomalías a simple vista ou fosen detectadas mediante proba de funcionamento.

### **3.1. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS CHASIS-CABINA**

#### **- Chasis:**

- 2 eixos. Terá as características adecuadas para aloxar e transportar todos os elementos que nel mesmo deban instalarse sen que se excedan as súas posibilidades de carga, sendo as súas dimensións as menores posibles para facilitar o seu manobra en espazos reducidos.
- Motor: Ciclo diésel. A potencia mínima será de 270 CV e cumprirá coa normativa Euro V ou superior.
- Toma de forza: En coherencia co punto anterior, o conxunto toma de forza-bomba, deberá funcionar ao menor número de r.p.m. posible e a saída de toma de forza será directa do motor.
- Regulador: Regulador electrónico para manter constante o réxime de revolucións, durante o ciclo de traballo da caixa, imposibilitando unha inadecuada aceleración.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Suspensión: dianteira por ballestas parabólicas e traseira pneumática con sistema de nivelación en interior de cabina.
- Dirección: dirección asistida, con columna axustable en altura e profundidade.
- Caixa de cambios: Caixa de cambio automática (non se admitirán caixas de cambios semiautomáticas) con 6 marchas hacia diante e 1 hacia atrás, con refrixerador e convertidor hidráulico de par. Limitador velocidade.
- Freos: Sistema de freado de circuíto pneumático con dobre circuíto e control electrónico e corrector de freada. Contará con freo de estacionamento. Compresor de aire con secador de aire calafateado e toma de aire para limpeza e inflado pneumáticos. Avisador de desgaste pastillas de freo. Incorporará freo auxiliar de retención mediante palanca en cabina, para un inferior desgaste de pastillas de freo.

### - Cabina:

- Pintura e acabado: Estará recuberta cunha pintura de cubrición antióxido de alta calidade. O cor debe ser branco, utilizándose pinturas e imprimacións de gran calidade.
- Suspensión de cabina por peiraos helicoidais ou sistema superior.
- Asento del condutor con suspensión pneumática, regulable, repousacabezas e cinto seguridade integrado.
- Calefacción e aire climatizado manual ou automático.
- Elevaluas eléctricos. Retrovisores exteriores abatibles, calafateados antivaho, de regulación eléctrica polo menos o ao lado do acompañante. Parasol externo, ademais dos internos. Espello exterior frontal de proximidade para facilitar a visión á hora de manobrar coa cabina.
- Tacógrafo electrónico.
- Sistema de "mans libres", polivalente multimarca, con accionamento en cadro de mandos. Radio-CD ou porto USB

### 3.2. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS DA CARROCERIA

O equipo recolector responderá a todas as prescricións para a hixiene do traballo e a todas as normas de referencia nacional e comunitaria, así como ás normas harmonizadas e relativas ás partes en movemento, ao ruído, ás cores, aos sinais de seguridade, ás pinturas e ao mandos etc. Sinálanse en particular as Directiva Máquinas 2006/42/CE (que substitúe a 98/37/CE) e a Directiva EMC 89/36/CEE (sobre a compatibilidade Electromagnética).

#### - Caixa recolectora - compactadora:

- Volume mínima da cámara de compactación 14 m<sup>3</sup> (sen tolva receptora).
- Capacidade útil da tolva, non inferior a 2 m<sup>3</sup>.
- Ancho total: Maximo 2.550 mm
- Lonxitude: Máximo 8.500 m



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Todo o conxunto da caixa e tolva será estanco para evitar que líquidos presentes sexan vertidos ao chan.
- Carga útil mínima: 5.000 kg.
- A caixa ira montada sobre o chasis mediante un falso bastidor intermedio para amortecer tensións e torsións entre chasis e caixa.
- Sistema de engraxamento automático centralizado.
- A caixa estará fabricada en chapas e perfís de aceiro de distintos espesores e propiedades, soldadas por cordón continuo á súa estrutura. Disporá dun xirofaro homologado sobre parte superior da traseira da caixa recolectora.
- As caixa recolectora debe estar concibida para alcanzar unha gran carga de residuos, permitindo a súa estrutura máis de 600 kg/m<sup>3</sup> de volume xeométrico.
- O sistema de compactación deberá estar articulado sen patíns, nin tacos de gomas nin rodets para evitar desgastes.
- O sistema de carga será ciclo a ciclo ou continuo, podéndose deter ou investir o ciclo pulsando unha botonera situada en ámbolos costados da tolva.
- A relación de compactación será de 6 a 1 para unhas condicións normais de RSU.
- O sistema de compresión será de 3 a 4 ciclos/ minuto.
- O tempo do ciclo de compactación será de +/- 20 segundos
- O tempo do ciclo de apertura do portón será de +/-30 segundos e o tempo do ciclo de peche do portón será de +/- 30 segundos.
- Índice sonoro inferior a 73 dB a 7 metros diante do motor, e 68 dB detrás da tolva.
- Incorporará unha consola situada en cabina que permita seleccionar o tipo de residuo a compactar (Mínimo 5 modos de compactación - papel, resto, reciclables, voluminosos, orgánica).
- A caixa recolectora dispoñerá dunha barreira inmaterial, situada ao ancho da tolva, que interrompa de inmediato o funcionamento do ciclo de compresión no caso de que calquera obxecto ou persoa a traspase.
- O interior da caixa, será de fácil limpeza e dispoñerá de fácil acceso para realización de tarefas inspección e mantemento
- Dispoñerá de tres botóns de parada de emerxencia, dous situados na parte traseira da tolva e un no interior da cabina, que interrompan todo o sistema de funcionamento cando se pulse calquera deles, e para funcionar de novo estes deberán ser rearmados e pulsar outra vez o botón do servizo.
- Estribeiras a ambos os lados do equipo recolector con superficie antiescorregadiza e asideiros ergonómicos para 2 operarios. As anteditas estribeiras contarán con control de presenza por detectores, que limitarán a velocidade do vehículo e impedirán a marcha atrás do mesmo no momento que detecten operarios sobre as mesmas.

### - Elevador de colectores:



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Dispoñerá de cinemática totalmente vertical, (con dous cilindros verticais) con movemento rectilíneo en subida e baixada e de rotación final, para baleirado do colector. Non se permiten elevadores con cinemática circular.
- A forza de elevación será de ata 800 kg con deseño para poder elevar, mediante o sistema de peite, cubos e colectores normalizados. Ademais, dispoñerá de brazos pregables para aprehensión lateral, provistos estes de unhas levas que se despracen automaticamente impedindo que o tetón do colector saia da marca do brazo.
- Débese poder utilizar con cubos e colectores das seguintes capacidades:
  - Cubos de dúas rodas de 80, 120, 240 e 360 litros segundo norma DIN e EN 840
  - Colectores de 660 e 770 litros e 1.000 litros tapa plana segundo norma DIN EN 840-2
  - e elevación, mediante brazos, de colectores tipo DIN-30700 de 1.100 litros.
- Os tempos de carga e descarga, aproximados, serán de +/- 12 segundos para cubos de dúas rodas e de +/- 14 segundos para colectores de catro rodas.

### - Sistema hidráulico:

- O sistema hidráulico atoparase unificado detrás da cabina para que non teña contacto cos residuos.
- A bomba do circuíto hidráulico reunirá as seguintes características:
  - Presión nominal: 250 bars (+/-1%)
  - Presión de servizo: 180 bars (+/-1%)
  - Velocidade de rotación máxima: 1.300 r.p.m.

### - Sistema eléctrico, mandos e seguridade:

- Os circuítos eléctricos estarán independizados, atoparase illados totalmente do contacto cos residuos.
- A tensión dos circuítos eléctricos será de 24 voltios, e estarán protexidos por fusibles.
- O conxunto dos compoñentes eléctricos estarán situados en zona con fácil acceso para os labores de mantemento, en caixas/cofres/armarios totalmente estancos.
- A xestión das funcións electro-hidráulicas realízanse a través de autómatas programables. O equipo recolector incorporará un dispositivo de control, consistente nunha consola dixital situada no interior da cabina do vehículo, con pantalla de mensaxes de funcións como conta-ciclos do elevador e compactación, operacións de mantemento, alarma de anomalías, contador horas de traballo, etc. Esta consola con pantalla permitirá ao condutor realizar como mínimo as seguintes accións:
  - Posta en marcha/paro da caixa.
  - Abrir/pechar o portón.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Avanzar/retroceso do exector.
- Seleccionar o modo de compactación (un ciclo ou continuo)
- Selector de presión de traballo segundo o tipo de recollida

### 3.3. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS DO VEHÍCULO CARROZADO

- Dimensións e pesos:
  - Largo total vehículo carrozado non superior a 8500 mm ( estribeiras recollidas).
  - Distancia máxima entre eixos: 3100 mm.
  - Peso máximo autorizado (MMTA) 18.000 Kg.
- Seguridade: Dispoñerá de proteccións para ciclistas entre eixos. Extintor aloxado en exterior, adaptado ao vehículo e segundo normativa vixente. Sinal acústica de accionamento automático nas operacións de marcha atrás.
- Iluminación: Disporá de luces de traballo de tecnoloxía LED para permitir o uso do camión recolledor en condicións nocturnas ou de baixa visibilidade. Disporá de farois de luz rotativa 360º tipo led sobre parte superior da cabina do vehículo e parte superior do equipo recolector.
- Monitor: Dispoñerá dunha pantalla plana en cor, con visión de cámara traseira e con información sobre os datos de funcionamento e control do equipo recolector.
- Sinalización: Disporá de tódalas sinalizacións necesarias en vigor segundo o código de circulación de vehículos por vías.
- Publicidade: Deberá incluír na rotulación:
  - Logotipo e escudo do Concello de Boimorto
  - Logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial, e o lema «Fondo de Compensación Ambiental». Para isto, seguirase o modelo establecido no anexo XI das bases reguladoras da Orde pola que se subvenciona o vehículo e que se acompaña como Anexo I a estes pregos

#### **CLÁUSULA 4.- Garantía.**

Mínimo 2 anos

#### **CLÁUSULA 5.- Formación.**

Unha vez formalizada a recepción do vehículo, impartirase un curso de formación (formación técnica/práctica) dirixido a traballadores do servizo de recollida e outro persoal que o concello estime, co fin de obter coñecementos das partes estruturais, manexo e operacións de mantementos e identificación de riscos.

A formación será por conta do adxudicatario, realizarase no lugar que o concello designe.

Dita formación impartirase por persoal cualificado, tanto de chasis como do equipo recolector e terá unha duración mínima de 4 horas.

#### **CLÁUSULA 6.- Prazo de entrega para o vehículo.**

O prazo de entrega do vehículo será como máximo sesenta (30 DÍAS) días naturais, a contar desde a data da firma do contrato en documento administrativo.





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

En todo caso, con anterioridade ao 28 de outubro de 2024.

### **CLÁUSULA 7.- Lugar e condicións de entrega.**

Casa consistorial do Concello de Boimorto, A Coruña.

O Vehículo virá matriculado e con certificado ITV do equipamento non incluído no vehículo de serie.

### **CLÁUSULA 8.- Orzamento.**

Importe total (IVE excluído)	33.057,85 €
Importe do IVE (21%)	6.942,15 €
Importe total (IVE incluído)	40.000,00 €

## ANEXO I



Medidas 65 cm x 45 cm

Rotulación imantada

Boimorto, na data da sinatura dixital.

A Alcaldía,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es